

A NECESIDADE DUN CAMBIO

Dende aquel día nada volveu ser igual naquela casa. Cada día escoitabamos os insultos e maltratos cara á nosa nai. Nós sabiamos que ela non podía, que estaba sufrindo, pero tiñamos medo do noso pai. Ese monstruo que xa non o considerábamos una figura paterna, senón un ser denigrante e sen escrúpulos que non tiña ningún remorsos ao facerlle dano a unha persoa.

Ese día para miña irmá e para min foi un antes e un despois na convivencia.

Todo comezou cando miña nai chegou chorando a casa, eu non entendía o por qué ata que segundos despois escoitei comentarlle ao meu pai que a despediron no traballo.

El, cheo de furia mallouna ata tal punto que é indescriptible.

Marta e mais eu intentamos axudar, pero non había maneira.

Días despois miña nai buscaba, mandaba curriculums e facía os mellores esforzos para conseguir un traballo. Pasaban os meses, e seguía sen encontrar.

Un día eu acabei farto, e ao escoitar a meu pai insultar e maltratar a miña nai decidín ser valente e deixar a covardía atrás. Marquei o 016.

Todo volveu cambiar.

